

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 horas do día 22 de febreiro de 2018, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 25 de xaneiro de 2018.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de xaneiro de 2018.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Aprobación, se procede, do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.
5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, para declarar o 24 de febreiro, día de Rosalía.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, para a realización de melloras no estadio de atletismo.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para apoiar a folga internacional de reivindicación feminista do 8 de marzo.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, de apoio á folga feminista do 8 de marzo de 2018.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, por unha vila segura para as mulleres, unha vila segura para todas as persoas.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para apoiar e defender a prisión permanente revisable.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE de abaratamento custes tarifas RENFE-cambio de media distancia a cercanías
12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno
13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
14. Rogos e preguntas.
15. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25 DE XANEIRO DE 2018..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de data 25 de xaneiro de 2018

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2. TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XANEIRO DE 2018.: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

Nº	DESCRICIÓN
1	Recoñecemento de obriga e orde de pagamento
9	Aprobación relación de facturas
1	Aprobación xustificación de gastos anticipo de Caixa Fixa
1	Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
1	Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos de persoal
1	Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
1	Incoación de expediente de reintegro de pagos
1	Arquivo de expediente de reintegro de pagos
4	Compensación de oficio de débito e crédito
1	Aprobación conta xustificativa e recoñecemento de obriga subvención nominativa
1	Recoñecemento de obriga e orde de pago derivadas de amortizacións ordinarias de préstamos

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XANEIRO DE 2018:

Nº	DESCRICIÓN
3	Denegación solicitude de licenza municipal para tenza de animais potencialmente perigosos
4	Concesión de licenza municipal para tenza de animais potencialmente perigosos
7	Orde concesión de prazo para que solicite licenza municipal para legalización de obras realizadas sen licenza
2	Orde concesión de prazo para que solicite licenza municipal de obras
2	Orde concesión de prazo para que axuste as obras á licenza concedida
2	Orde concesión prazo para presentación informe-ditame de seguridade elementos exteriores do inmovible
1	Concesión prazo para acreditar documentalmente finalización de obras
2	Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
1	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
2	Concesión de gratificación especial por prestación de servizos noites dos días 24 e 31 de decembro
4	Concesión de gratificación especial por substitución temporal de postos de traballo de nivel superior
1	Tramite de audiencia por ausencia non xustificada de empregado municipal
2	Designación como Tesoureira en funcións
1	Devolución proporcional de haberes empregados/as-alumnos/as da escola obradoiro por ausencias non xustificadas
1	Nomeamento de funcionarios de carreira como Policías Locais
2	Nomeamento de funcionarios interinos
1	Prórroga funcionaria interina a tempo completo
1	Aprobación de convocatoria de promoción interna ano 2017 Técnico Administración Xeral

- 1 Aplicación novos importes do salario mínimo interprofesional ás retribucións dos/as alumnos/as traballadores/as dos obradoiros de emprego
- 1 Aprobación de listas de candidatos/as admitidos/as ou excluídos/as para a selección de bolsas de traballo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en xornada nocturna
- 1 Compensación económica vacacións a empregada municipal declarada en situación de incapacidade permanente
- 1 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obras
- 6 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Delegación na 1ª Tenente de Alcalde as funcións da Alcaldía por ausencia
- 4 Devolución de ingresos e/compensación de débeda
- 1 Orde de pago de facturas
- 1 Concesión de aprazamento de débeda
- 1 Abono cantidades recadadas a petición da entidade urbanística de conservación de O Cornazo
- 1 Declaración clausura ou peche de actividade
- 1 Inscripción de Asociación en rexistro municipal
- 1 Orde representación e defensa dos intereses do Concello exercida por Letrado en procedemento xudicial
- 1 Declarar innecesariedade de licenza municipal para posta en valor Parque Nacional Marítimo Terrestre Illas Atlánticas na Illa de Cortegada
- 1 Concesión de licenza de segregación
- 5 Concesión de licenza para obras de canalización
- 10 Concesión de licenza de primeira ocupación e/ou auga e/ou saneamento
- 2 Aceptación de renuncia e arquivo de expediente solicitude de licenza de obra maior
- 2 Aceptación desestímulo expediente comunicación previa obras
- 1 Concesión de licenza de apertura
- 1 Conformidade a proxecto de execución
- 3 Aceptación de comunicación previa para apertura de establecemento
- 4 Concesión de licenza para entrada de carruaxes
- 5 Concesión de licenza de legalización de obras
- 34 Aceptación de comunicación previa para realización de obras
- 9 Concesión de licenza de obra maior
- 5 Concesión de licenza para instalación de terraza vinculada a establecemento hostalería

TOTAL : 145

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro

do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día. Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta do Manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER 2018
8 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

Hoxe, 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, queremos unha vez máis facernos escoitar e reivindicar os nosos dereitos, queremos facer visible a importancia das mulleres na sociedade, como traballadoras, como coidadoras, como estudantes, como piares fundamentais da sociedade.

Levamos anos manifestando o noso rexeitamento a todas as formas de discriminación que sufrimos as mulleres día a día por razón de idade, de procedencia, de clase, de orientación sexual, de identidade de xénero, e queremos reivindicar e esixir o noso dereito a participar en igualdade na sociedade, na cultura, na economía ou mesmo nas relacións.

Non podemos negar que ao longo das últimas décadas houbo algún avance en materia de igualdade, pero temos que denunciar que a realidade actual non é nada esperanzadora xa que as mulleres estamos a sufrir en maior medida as consecuencias da crise.

A precariedade no ámbito laboral aféctanos de xeito especial. A feminización do paro segue en aumento e a fenda salarial é inaceptable. As mulleres cobramos en España un 29'1% menos que os homes, segundo o informe "Brecha salarial y techo de cristal" elaborado polos técnicos de Facenda. O mesmo informe sinala que serán necesarias case sete décadas para acabar con esta fenda salarial e tamén engade que dende o ano 2014 a fenda foi en aumento.

Hai unha masiva feminización dos contratos a tempo parcial. A falta de recursos públicos de coidado e a persistencia das prácticas culturais patriarcais, obrígnanos a asumir maioritariamente os permisos e excedencias por coidado e iso limita as nosas posibilidades de desenvolvemento profesional e provoca a merma dos nosos dereitos e prestacións sociais. O 71% das pensións que están por debaixo do salario mínimo interprofesional son de mulleres, polo que as mulleres pensionistas somos cada vez máis pobres.

A educación é un dos piares básicos dunha sociedade. Temos a obriga de educar en igualdade, educar en valores non adscritos a un sexo determinado e sen estereotipos. Temos que continuar esta loita que comezaron hai moito tempo outras mulleres como Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal e Clara Campoamor, que fixeron visible a valía da muller nun tempo onde eramos invisibles aos ollos da sociedade.

A imaxe da muller é denigrada día a día en todos os ámbitos, tamén nos medios de comunicación, onde os esterotipos e o sexismo están á orde do día non só coas imaxes ou as mensaxes que transmiten, senón tamén no tipo de vocabulario que empregan.

Queda moito por facer e seguimos a loitar. Hoxe 8 de marzo, as mulleres de todo o mundo estamos convocadas á FOLGA FEMINISTA. Xuntas, hoxe, paramos o mundo para dicir basta.

Non pode haber unha sociedade xusta se non se eliminan os comportamentos e actitudes machistas contra as mulleres en todos os ámbitos: laboral, social, familiar... e se non se elimina a manifestación máis terrible de todos eles, os asasinatos e agresións da violencia machista. QUERÉMONOS VIVAS E LIBRES, non queremos máis mortes nin máis violencia contra nós.

Esiximos que sexa aprobado XA o decreto lei que ten que dotar economicamente o Pacto de Estado contra a Violencia de xénero, e que se empece a aplicar de inmediato.

Esiximos que se visibilice e recoñeza o valor e a dignidade do traballo doméstico e de coidados, e se realice en condicións de corresponsabilidade e sexa asumido, polo tanto, coma unha responsabilidade de todas e todos, da sociedade e do Estado.

Dende o Consello Local da Muller de Vilagarcía sumámonos a Folga Feminista do 8 de marzo, e solicitámoslle á Corporación Municipal que apoie esta convocatoria de folga sumándose ás reivindicacións da mesma.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes do grupo municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non Adscrito (1), e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar o Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO, DÍA DE ROSALÍA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 8 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA

O grupo municipal do BNG de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, reivindicando a figura de Rosalía de Castro e demandando que se declare o 24 de febreiro Día de Rosalía

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito íntegramente no noso idioma,

desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
2. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.
3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

Vilagarcía de Arousa 8 de febreiro 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e EU, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG para declarar o 24 de febreiro, Día de Rosalía.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción do grupo municipal do BNG e:

1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
2. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.
3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, PARA A REALIZACIÓN DE MELLORAS NO ESTADIO DE ATLETISMO.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 15 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA REALIZACIÓN DE OBRAS DE MELLORAS NO ESTADIO DE ATLETISMO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa a obras de melloras necesarias nas instalacións do estadio de atletismo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O constante aumento da práctica deportiva en Vilagarcía de Arousa fai necesaria unha maior e mellor oferta de instalacións para poder satisfacer a realización desta práctica deportiva.

A día de hoxe o noso concello conta cunhas instalacións deportivas que en ocasións dificultan a realización dunha modalidade deportiva por falla de adaptación das infraestruturas ou por falla de mantemento.

No caso das instalacións municipais de atletismo, e a pesares de terse realizado actuacións de mellora sobre as mesmas, non se teñen atendido as peticións formuladas polos clubs usuarios e a día de hoxe presentan problemas que impiden ou dificultan o desenvolvemento da práctica deste deporte. Problemas tamén para a seguridade e saúde dos participantes/asistentes.

Neste senso, habería que mencionar, entre outros, problemas :

Entrada de humidade no almacén (a pesares de terse acometido unhas obras para impedir a entrada de humidade, non se ten solucionado este problema). Estado dos fosos de saltos, nos que aparte do mantemento programado (o cal non se está a facer) faría falla a reposición periódica de area e a colocación de lonas para a súa protección. Modificar ou substituír as cubertas das colchonetas de saltos xa que comezan a non pechar e polo tanto non as protexen, tamén o actual sistema ten un problema serio de mobilidade e está xerando un deterioro importante sobre o tartán no que se asenta. A gaiola de lanzamento presenta xa a simple vista un gran deterioro e moitos problemas co seu mecanismo de izado polo que se fai necesaria a súa modificación por un sistema máis sinxelo e práctico, igualmente é aconsellable o cambio de localización da gaiola por motivos de seguridade, afastándoa da zona de entrada e tránsito de usuarios e público á instalación, e colocándoa no outro extremo da pista (existindo xa unha zona habilitada a tal efecto), as zonas das táboas de batida de lonxitude están afundidas, revisión e acondicionamento do estado do tartán das pistas , canalizacións do drenaxe da pista, etc. Cabe lembrar que a práctica do atletismo en Vilagarcía ven crescendo cada ano, sendo hoxe un número importante de nenos e nenas os que practican este deporte nas súas distintas modalidades. Por outra banda, contamos no noso concello cunha infraestrutura cun enorme potencial para poder practicar este deporte de forma satisfactoria si se atenden as demandas de melloras solicitadas polos clubs, técnicos e propios atletas.

Dende o BNG e os propios usuarios, consideramos necesario que por parte do goberno se tomen as medidas necesarias para atender estas demandas, pois entendemos fundamental estas melloras para favorecer esta práctica deportiva e evitar que este deporte en Vilagarcía poida chegar a desaparecer.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita deste Pleno da corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

1. Que o goberno municipal, xunto con técnicos e usuarios destas instalacións do estadio de atletismo, elaboren un informe das súas deficiencias e as necesidades para poder desenrolar de xeito óptimo as actividades deportivas na mesma.
2. Que por parte do goberno se leven a cabo as obras necesarias acordadas nese informe e inclúan a partida necesaria nos próximos orzamentos.

Vilagarcía de Arousa, febreiro 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP e EU, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para a realización de melloras no Estadio de Atletismo.

O grupo político municipal do PSG-PSOE presenta a seguinte emenda de adición no apartado 2:... con fondos propios ou con financiamento doutras administracións.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde, coa emenda presentada, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aproba a moción presentada polo grupo municipal do BNG e,

1. Que o goberno municipal, xunto con técnicos e usuarios destas instalacións do estadio de atletismo, elaboren un informe das súas deficiencias e as necesidades para poder desenrolar de xeito óptimo as actividades deportivas na mesma.
2. Que por parte do goberno se leven a cabo as obras necesarias acordadas nese informe e inclúan a partida necesaria nos próximos orzamentos, sendo o seu financiamento con fondos propios ou con fondos doutras administracións.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA APOIAR A FOLGA INTERNACIONAL DE REIVINDICACIÓN FEMINISTA DO 8 DE MARZO.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 8 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA APOIAR A FOLGA INTERNACIONAL DE REIVINDICACIÓN FEMINISTA DO 8 DE MARZO

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a transmitir o apoio á folga mundial de reivindicación feminista do 8 de marzo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A folga feminista do 8 de marzo pretende ser unha chamada de atención, dende o ámbito local máis próximo ao internacional, sobre a desigualdade e invisibilidade que historicamente sofren as mulleres, co obxectivo de esixir a mellora das súas condicións sociais e laborais para combater as discriminacións laborais agravadas polas medidas aplicadas baixo a coartada da crise económica.

A fenda salarial en Galiza é do 23%, pois mentres o salario medio anual dos homes estímase en 20.243 euros o das mulleres só chega aos 15.730 euros, ao que hai que engadir que os contratos a tempo parcial, temporal e descontinuo son maioritariamente femininos, o que repercute na baixa cotización, soldo, prestación do paro e das pensións. En Vilagarcía de Arousa hai 2052 mulleres rexistrada no paro e 1578 homes, segundo os últimos datos da Xunta, o que representa unha porcentaxe do 13% superior de desemprego por razón de sexo. Máis aínda, no laboral as mulleres galegas sofren a inexistencia dun marco de relacións laborais galego que axude a

negociar melloras para os traballos feminizados do noso país, como a conserva, ademais de sufrir as consecuencias das reformas laborais do goberno central, lesivas para a clase obreira, e a desatención de Xunta e Estado ao fomento de políticas activas contra a discriminación laboral sobre as mulleres. Por outra banda, ao tempo que cobran menos de media e sofren máis precariedade, no ámbito do consumo foméntase que as mulleres teñan que adquirir produtos máis caros que aplican a denominada “taxa rosa” cando están dirixidos ao mercado feminino, ademais de gravar os produtos básicos de hixiene cun 21% de IVE.

Por causa do sistema patriarcal e da realidade socioeconómica, as mulleres sofren máis atrancos na conciliación da vida familiar e laboral, para o que se fai necesario mudar ideas, comportamentos e mesmo leis para poder garantir a igualdade de dereitos e de oportunidades. Tampouco se recoñecen as tarefas domésticas e de coidado familiar, por iso esta convocatoria tamén pretende chamar a atención sobre os coidados e as tarefas. Durante a crise, esta situación agravouse e o deterioro dos servizos públicos agrava unha desigualdade que, superado o ciclo económico da recesión, busca consolidarse. Desta forma, os datos demostran que son maioritariamente as mulleres as que optan por xornadas parciais ou excedencias para coidar crianzas e maiores, moi por riba da poboación masculina. No caso das excedencias, por exemplo, no 2017 foron solicitadas por mulleres 1.078 fronte a 132 pedidas por parte de homes.

A convocatoria do 8 de marzo aspira a ser transversal para mudar, dende o cotiá, o sistema articulado baixo as ordes do patriarcado, do capitalismo, do racismo, da emigración e da depredación ambiental. Por estes motivos, esta folga pretende incidir no ámbito laboral, de coidados, estudantil e de consumo.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Vilagarcía de Arousa, apoiará a convocatoria desta folga de mulleres prevista para o 8 de marzo de 2018 no marco dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.

2. O Concello de Vilagarcía de Arousa realizará un chamado a participar nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego e a secundar a manifestación nacional unitaria.

Vilagarcía de Arousa, 7 de febreiro 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG, EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG para apoiar a folga internacional de reivindicación feminista do 8 de marzo

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte emenda de adición:

3. Facilitar a asistencia á manifestación, contribuíndo coa financiación dun autobús.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción do grupo municipal do BNG e,

1. Apoiar a convocatoria desta folga de mulleres prevista para o 8 de marzo de 2018 no marco dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.

2. Realizar un chamado a participar nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego e a secundar a manifestación nacional unitaria.
3. Facilitar a asistencia á manifestación, contribuíndo coa financiación dun autobús.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA, DE APOIO Á FOLGA FEMINISTA DO 8 DE MARZO DE 2018.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría coa data de 13 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2018, a seguinte moción:

MOCIÓN DE APOIO Á FOLGA FEMINISTA DO 8 DE MARZO DE 2018

O vindeiro 8 de marzo, día Internacional da Muller, o movemento feminista co apoio de organizacións e colectivos políticos, sociais e sindicais convoca unha folga xeral das mulleres ao longo e ancho da nosa xeografía.

É unha convocatoria de denuncia fronte ás desigualdades, ás discriminacións e ás violencias estruturais que sufrimos máis da metade da poboación mundial, as mulleres, pero tamén de reivindicación dun novo modelo social, xusto, democrático e igualitario.

Esta folga feminista diríxese contra un sistema capitalista e patriarcal que permite que as desigualdades estruturais que padecemos as mulleres estean alcanzando tales niveis de gravidade e de tal dimensión, que fai ineludible tomar as rúas, as institucións e os centros de traballo para demostrar que sen nosoutras o mundo para.

Un mundo cuxo funcionamento, datos e prácticas nos engloba e debúxanos nestes escenarios:

- En todo o mundo, as mulleres gañamos só entre o 60 e o 75 por cento do salario dos homes en traballos de igual valor.
- No Estado Español, o traballo dedicado polas mulleres aos fogares, ao coidado e á reprodución alcanza o 53 % do PIB, o que significa que o Estado fai recaer nas mulleres gran parte do que debería estar atendido a través dos servizos públicos.
- En Galicia, a fenda salarial entre mulleres e homes sitúase nun 22,1%, onde ademais a maioría de mulleres con emprego está situada nos tramos salariais máis baixos. Os últimos datos así nolo presentan: o 36,34% das mulleres asalariadas teñen ingresos iguais ou inferiores ao salario mínimo interprofesional. É a chamada pobreza salarial, mulleres pobres con emprego.
- A práctica da interrupción voluntaria do embarazo non está garantida para todas as mulleres. A lexislación existente permite que a clase médica máis reaccionaria poida negarse a realizar a intervención nos centros sanitarios públicos e que o código penal siga contemplando o aborto como un delito.
- A misoxinia percorre a cultura e a ciencia en todos os seus ámbitos. Na arte, na literatura, no cine, nas matemáticas, na bioloxía, na enxeñería ou na arquitectura, as mulleres apenas existen. Esta invisibilización conleva que as mulleres non aparezan na narración da Historia e que todas as súas achegas seguen a ser totalmente ignoradas.
- As agresións sexuais e as violacións, nalgúns casos, pasaron de ser actos criminais individuais a formas grupais cada vez máis presentes.
- Os continuos asasinatos de mulleres, que deben traducirse nun rexeitamento frontal a esta inaceptable realidade, que consolide a construción dunha cultura anti patriarcal para erradicar esta violencia sistémica da vida das mulleres.

- A notoria expansión que está adquirindo o debate e a demanda dos ventres/úteros de aluguer - non o esquezamos- de mulleres pobres, que son as que se ven obrigadas a esta forma de explotación capitalista e patriarcal.
- Os milleiros de mulleres e nenas traficadas para consumo sexual dos homes e a súa irrefutable conexión coa “industria do sexo” e a prostitución.

Polo exposto anteriormente é polo que está convocada Folga Feminista para o 8 de marzo, unha folga que irá enmarcada con grandes mobilizacións ao longo de todo o país, onde as mulleres tomarán as rúas para demostrar que non só hai que parar o mundo, senón que tamén hai que transformalo cambiando os seus modelos patriarcais por modelos de igualdade, xustiza, paridade, liberdade, diversidade e democracia.

Por todo isto, o Concello de Vilagarcía de Arousa asume a seguinte proposta de

ACORDO

- 1• Apoiar a Folga Xeral das Mulleres, facilitando o seu desenvolvemento nesta Corporación.
 - 2• Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres no 8 de marzo.
 - 3• Enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.
- En Vilagarcía de Arousa, a 13 de febreiro de 2018.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG, EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, de apoio á folga feminista do 8 de marzo de 2018.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción dos grupos municipais de EU e Somos Maioría e,

- 1• Apoiar a Folga Xeral das Mulleres, facilitando o seu desenvolvemento nesta Corporación.
- 2• Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres no 8 de marzo.
- 3• Enarborar a bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio á loita das mulleres.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA, POR UNHA VILA SEGURA PARA AS MULLERES, UNHA VILA SEGURA PARA TODAS AS PERSOAS.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría coa data de 13 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2018, a seguinte moción:

MOCIÓN POR UNHA VILA SEGURA PARA AS MULLERES, UNHA VILA SEGURA PARA TODAS AS PERSOAS

Nos últimos anos estamos asistindo a un verdadeiro movemento de rexeitamento fronte ao elevado número de agresións machistas e de diversa índole no noso país. Froito desta problemática, que afecta sobre todo a mulleres, elaborouse colectivamente un mapa de agresións sexuais en Galicia e estanse a establecer redes de alertas de violadores e acosadores.

En Vilagarcía de Arousa existen algúns “puntos negros” onde a falta de luz, as características da vía ou mesmo a configuración natural da zona, provocan que as veciñas non transiten tranquilas e que o resto da cidadanía evite pasar a determinadas horas do día. Un exemplo claro é a pasarela que comunica O Ramal coa Praia da Concha, que ademais de non estar iluminada axeitadamente, presenta un estado lamentable debido ás moitas “pintadas” e á falta de mantemento. A través desta estrutura de formigón acceden ao paseo marítimo moitas persoas, xa sexa para camiñar pola tardiña ou para traballar pola mañá.

Tamén incluímos neste catálogo de “puntos negros” a rúa Vista Alegre, pouco iluminada en traxectos, e pola que xa reclamou melloras a veciñanza durante anos.

Estes son só dous casos que ilustran a necesidade de reformular a nosa vila segundo as experiencias das persoas que a habitamos, cousa que vai en consonancia co chamado “urbanismo feminista” que nos parece acaído reivindicar neste pleno previo ao 8 de marzo.

Debemos construír unha vila accesible e sen barreiras, amable, con espazos non só para o desprazamento, senón priorizando os espazos para o encontro. Pero isto non será posible se non facemos de Vilagarcía de Arousa unha vila segura. Para iso debemos incorporar a perspectiva das mulleres, o que, como colectivo vulnerable, non só facilitará a súa seguridade, senón a de todas as persoas.

Outro tema ineludible cando falamos da seguridade das mulleres, é o das festas locais e grandes espectáculos, momentos especialmente conflictivos debido á cantidade de xente, o consumo de alcohol e o ambiente lúdico. O Concello ten o deber de velar pola seguridade e dispoñer de todos os recursos e fórmulas que nos permitan pasalo ben sen riscos. Por isto, consideramos necesario que os recintos e espazos públicos onde transcorren estas celebracións contén con “espazos seguros” non mixtos e debidamente sinalizados, dotados de protocolos de atención especializado, e persoal formado que asista as mulleres e rapazas novas que poidan atoparse nunha situación de vulnerabilidade. Para a elaboración do protocolo e o deseño destes espazos contarase coa colaboración do Consello da Muller, o CIM e as asociacións feministas da vila.

Asemade, para asegurar a integridade das mulleres e unha atención axeitada en cada situación de violencia, debemos contar cunhas forzas de seguridade que teñan unha axeitada formación en Igualdade, polo que é importante revisar o actual Plan de Formación en Igualdade -para incluír a formación da Policía Local- co fin de corrixir as posibles carencias, así como o control no cumprimento do mesmo.

Por todo isto, propónselle ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1• Realizar un catálogo municipal de “puntos negros” de seguridade peonil en colaboración coa cidadanía, a Concellería de Urbanismo, o Consello Local da Muller e as asociacións feministas da vila, poñendo as experiencias das mulleres no punto central.
- 2• Arranxar, eliminar ou iluminar os tramos descritos nesta moción, incluíndoos nas partidas de orzamento correspondentes, se é que son de titularidade municipal.
- 3• Instar ás correspondentes institucións públicas ao arranxo, eliminación ou iluminación dos “puntos negros” que sexan doutras titularidades.
- 4• Creación e sinalización de “Espazos Seguros” para as mulleres durante as festas e espectáculos masivos. Elaboración do protocolo xunto ao Consello Local da Muller, o CIM e as asociacións feministas da vila.

5• Realizar unha revisión conxunta do actual Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía por parte do CIM, as asociacións feministas e o Consello Local da Muller, co fin de detectar as carencias e elaborar unha versión mellorada do mesmo que inclúa a formación en Igualdade para a Policía Local de Vilagarcía de Arousa.

En Vilagarcía de Arousa, a 13 de febreiro de 2018.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PP, EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e BNG , din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, por unha vila segura para as mulleres, unha vila segura para todas as persoas.

- O Grupo Municipal do PSG-PSOE presenta a seguinte emenda: Engadir no apartado 5: Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde, coa emenda do grupo municipal do PSG-PSOE, dando o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polos Grupos Políticos Municipais de EU e Somos Maioría e,

1• Realizar un catálogo municipal de “puntos negros” de seguridade peonil en colaboración coa cidadanía, a Concellería de Urbanismo, o Consello Local da Muller e as asociacións feministas da vila, poñendo as experiencias das mulleres no punto central.

2• Arranxar, eliminar ou iluminar os tramos descritos nesta moción, incluíndoos nas partidas de orzamento correspondentes, se é que son de titularidade municipal.

3• Instar ás correspondentes institucións públicas ao arranxo, eliminación ou iluminación dos “puntos negros” que sexan doutras titularidades.

4• Creación e sinalización de “Espazos Seguros” para as mulleres durante as festas e espectáculos masivos. Elaboración do protocolo xunto ao Consello Local da Muller, o CIM e as asociacións feministas da vila.

5• Realizar unha revisión conxunta do actual Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía por parte do CIM, as asociacións feministas e o Consello Local da Muller, co fin de detectar as carencias e elaborar unha versión mellorada do mesmo que inclúa a formación en Igualdade para a Policía Local de Vilagarcía de Arousa e Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA APOIAR E DEFENDER A PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 14 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VILAGARCÍA DE AROUSA , PARA APOIAR E DEFENDER A PRISIÓN PERMANENTE REVISABLE

O Grupo Municipal Popular no Concello de Vilagarcía de Arousa, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, que entrou en vigor o 1 de xullo de 2015, introduciu na nosa lexislación a prisión permanente revisable.

Trátase dun instrumento que existe en moitos países da nosa contorna, en gobernos de todo tipo de corte político; é unha institución coherente, que se incorpora ben ao noso modelo de garantías e ten perfecto encaixe penal.

A prisión permanente revisable, sinálao claramente a Exposición de Motivos desta Lei, non renuncia á reinserción do penado, pois unha vez cumprida unha parte mínima da condena, "un Tribunal deberá valorar novamente as circunstancias do penado e do delito cometido e poderá revisar a súa situación persoal".

A previsión desta revisión xudicial periódica da situación persoal do penado, idónea para poder verificar en cada caso o necesario pronóstico favorable de reinserción social, di a Exposición de Motivos, "afasta toda dúbida de inhumanidade desta pena, ao garantir un horizonte de liberdade para o condenado". Unha vez cumprido o tempo mínimo da pena, "se o Tribunal considera que non concorren os requisitos necesarios para que o penado poida recuperar a liberdade, fixarase un prazo para levar a cabo unha nova revisión da súa situación; e si, pola contra, o Tribunal valora que cumpre os requisitos necesarios para quedar en liberdade, establecerase un prazo de liberdade condicional no que se impoñerán condicións e medidas de control orientadas tanto a garantir a seguridade da sociedade, como a asistir ao penado nesta fase final da súa reinserción social".

Engade a Exposición de Motivos que "a pena de prisión permanente revisable non constitúe, por iso, unha sorte de «pena definitiva» na que o Estado se desentende do penado. Ao contrario, trátase dunha institución que compatibiliza a existencia dunha resposta penal axustada á gravidade da culpabilidade, coa finalidade de reeducación á que debe ser orientada a execución das penas de prisión".

Igualmente sinala que se trata, en realidade, dun modelo estendido no Dereito comparado europeo que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos considerou axustado á Convención Europea de Dereitos Humanos, pois declarou que cando a lei nacional ofrece a posibilidade de revisión da condena de duración indeterminada con vistas á súa conmutación, remisión, terminación ou liberdade condicional do penado, isto é suficiente para dar satisfacción ao artigo 3 do Convenio (cfr. SSTEDH 12-2-2008, caso Kafkaris vs. Chipre; 3-11-2009, caso Meixner vs. Alemaña; 13-11-2014, caso Affaire Bodein vs. Francia; 3-2-2015, caso Hutchinson vs. Reino Unido)".

Pese a todo iso, varios grupos parlamentarios presentaron recurso de inconstitucionalidade, recurso que o Tribunal Constitucional admitiu a trámite en xullo de 2015. A admisión a trámite non supón pronunciamento algún sobre o fondo do asunto, aínda que algúns pretenden a derogación desta medida sen esperar o pronunciamento do Tribunal Constitucional.

Así, o 4 de outubro de 2016 o Pleno do Congreso dos Deputados debateu e aprobou por maioría dos Grupos Parlamentarios Vasco (EAJ-PNV), Socialista, Esquerra Republicana, Confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, Mixto e a abstención de Cidadáns, e só co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular, a Proposición non de Lei para a Derogación da Pena de Prisión Permanente Revisable.

E máis recentemente, o pasado 10 de novembro, foi admitida a trámite unha Proposición de Lei de Modificación da L.Ou. 10/1995 do Código Penal (Orgánica), que pretende derogar a prisión permanente revisable e que contou co único voto en contra do Grupo Popular.

Tras estes feitos e actuacións, son multitude os cidadáns que manifestaron o seu apoio á pena de prisión permanente revisable como medio para garantir a seguridade, os dereitos e liberdades de todos os españois.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte

MOCIÓN:

O Concello de Vilagarcía de Arousa manifesta:

PRIMEIRO.- O seu apoio á figura da prisión permanente revisable incorporada ao ordenamento xurídico español pola Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal.

SEGUNDO.- Instar aos diferentes Grupos Parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados a que reconsideren a súa postura sobre a derogación da prisión permanente revisable.

TERCEIRO.- Dar traslado destes acordos ao Ministro de Xustiza, aos Grupos Políticos do Congreso, Senado, Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP.

En Vilagarcía, a 14 de febreiro de 2018.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU e Somos Maioría informan desfavorablemente.

As/os representantes do grupo municipal do BNG, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase desfavorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal do PP para apoiar e defender a prisión permanente revisable.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde o rexeitamento da moción, tendo en conta o informe desfavorable da Comisión Informativa, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor do seu rexeitamento dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1) e sete votos en contra do seu rexeitamento e polo tanto a favor da moción dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo municipal do PP para apoiar e defender a prisión permanente revisable.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE DE ABARATAMENTO CUSTES TARIFAS RENFE-CAMBIO DE MEDIA DISTANCIA A CERCANÍAS: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 19 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 14 de febreiro de 2018, do seguinte teor:

MOCIÓN: ABARATAMENTO CUSTES TARIFAS RENFE-CAMBIO DE MEDIA DISTANCIA A CERCANÍAS

O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O eixo atlántico do ferrocarril, Coruña-Vigo, é unha das liñas de ferrocarril máis rentables e usadas de España. Actualmente a mellor conexión con Madrid favorece aínda máis o tráfico

ferroviario entre Galicia e a capital do Estado e compre polo tanto seguir a implementar o uso do ferrocarril.

A conexión por ferrocarril pola nosa comunidade é un medio de comunicación seguro, rápido, cómodo e sustentable. A única eiva que supón este medio de transporte é o elevado prezo das súas tarifas. Prezos elevados que son debidos ao concepto deste trazado, transporte de Media distancia. Noutras comunidades autónomas este tipo de liñas teñen a categoría de Cercanías o que abarata substancialmente o importe das tarifas e redundaría nun incremento dos usuarios deste medio de transporte.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galicia a implicarse no cambio de categorías do Eixo Atlántico de ferrocarril, pasado de Media distancia a Cercanías.

2.- Instar a RENFE e ao Ministerio de Fomento a modificar a categoría do Eixo Atlántico de ferrocarril a Cercanías.

Vilagarcía de Arousa, 14 febreiro de 2018

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU e BNG, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE de abaratamento custes tarifas RENFE-cambio de media distancia a cercanías.

- Polo grupo municipal de EU propónse a seguinte emenda:

Incluir o Servizo Atendo de forma permanente en Vilagarcía de Arousa e incorporar aos trens uns accesos adecuados ás persoas con mobilidade reducida.

Trasladar aos restantes Concellos da Comarca (zona de influencia) o acordo que se adopte.

- Polo grupo municipal do PP propónse a seguinte emenda: axustar os horarios dos trens aos horarios dos traballadores.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde coas emendas presentadas, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE e,

1.- Instar á Xunta de Galicia a implicarse no cambio de categorías do Eixo Atlántico de ferrocarril, pasado de Media distancia a Cercanías.

2.- Instar a RENFE e ao Ministerio de Fomento a modificar a categoría do Eixo Atlántico de ferrocarril a Cercanías.

3.- Instar a RENFE a incluír o Servizo Atendo de forma permanente en Vilagarcía de Arousa e incorporar aos trens uns accesos adecuados ás persoas con mobilidade reducida.

4.- Que polo Organismo competente se axusten os horarios do tren aos horarios dos traballadores

4.- Trasladar este acordo aos restantes Concellos da Comarca (zona de influencia) da estación de ferrocarril.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14. ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=180222&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:30 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.